

Praza do Concello, s/n  
Teléfono 981 70 41 00  
15100 CARBALLO  
A Coruña



A.P.B.

Don José Villán Fuertes, Secretario do Concello de Carballo – A Coruña

## CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada en data 20 de xuño de 2016 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"FOD.1.- Convenio de colaboración entre o Concello de Malpica de Bergantiños e o Concello de Carballo, para o reforzo do servizo con policía locais pertencentes ao cadro de persoal do Concello de Carballo durante a celebración das festas de San Hadrián, a celebrar os días 17, 18 e 19 de xuño de 2016. (CONV. 12/2016). Dación de conta.

Dáse conta, do convenio de colaboración asinado 16 de xuño de 2016, entre o Concello de Malpica de Bergantiños e o Concello de Carballo, para a colaboración intermunicipal en materia de policía local, que se transcribe a continuación:

### "ANTECEDENTES

1.- Os días 17, 18 e 19 de xuño de 2016, tense previsto celebrar neste Concello as festas de san Hadrián, prevíndose unha grande afluencia de visitantes ás mesmas.

2.- A dotación da policía local, é de 3 policía, estimándose axeitada para o transcorrer normal do concello pero resultando insuficiente para ocasións puntuais cal éo caso.

3.- O artigo 6, apartado 3, da Lei 4/2007, do 20 de abril, pola que se aproban as normas reguladoras de coordinación de policía locais de Galicia, permite que, eventualmente, cando pola insuficiencia temporal dos servizos sexa necesario reforzar o cadro de persoal da policía local dalgún concello, o seu alcalde poderá chegar a acordos con outros concellos para que membros da policía destes últimos poidan actuar no ámbito territorial do solicitante, por tempo determinado e, de seren preciso, en réxime de comisión de servizo, aceptando voluntariamente polo funcionario. O apartado 4 do mencionado artigo sinala que, en todo caso deberá darse conta dos acordos adoptados polos Concellos á Consellería competente en materia de seguridade, para a súa anotación no rexistro de policía locais de Galicia.

Con base nos antecedentes citados asínase este Convenio de colaboración entre D. Eduardo Parga Veiga, na súa calidade de Alcalde-presidente do Concello de Malpica de Bergantiños e D. Evencio Ferrero Rodríguez, Alcalde-presidente do Concello de Carballo, con suxeición ás seguintes cláusulas:

1.- O concello de Carballo comprométese a reforzar o corpo de policía do Concello de Malpica de Bergantiños con efectivos do seu propio corpo de policía local, os cales aceptan voluntariamente o dito servizo, durante o día 19 de xuño de 2016.

2.- O horario no que ditos funcionarios prestarán os seus servizos no Concello de Malpica de Bergantiños, supón a suma de 9 horas traballadas, distribuídas da seguinte maneira:

- José Manuel Arnejo Torreira, DNI.-  
día 19 de xuño. Realizado un total de 9 horas.

policía n.º 059021, realizará servizo de mañá o

3.- O réxime no que os funcionarios do Concello de Carballo se atoparán durante a prestación dos seus servizos no termo municipal do Concello de Malpica será a de Comisión de Servizos.

4.- O Concello de Malpica de Bergantiños compensará ó Concello de Carballo polos gastos de persoal, dietas por manutención e indemnizacións por gastos de desprazamento e calquera outro gastos derivados da prestación deste servizo na data do 19 de xuño de 2016, fixándose esta compensación en 225,00 €.

5.- O Concello de Malpica de Bergantiños non recoñecerá nin pagará cantidade algunha ós axentes asignados a prestación do servizo obxecto deste convenio de colaboración. O pagamento da compensación acordada deberá ingresarse na conta municipal no prazo dun mes desde o remate dos citados servizos.

6.- Posteriormente, o Concello de Carballo, non máis tarde do seguinte mes de haberse realizado os citados servizos, ingresará aos axentes as contías resultantes da comisión de servizos efectuada.

7.- O presente convenio ten natureza administrativa e todas as cuestións que del se deriven resolveranse ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

*En proba de conformidade as partes asinan por cuadriplicado na data e lugar indicados "at supra".*

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Carballo o vinte e un de xuño de dous mil dezaseis.

V. e Pr.  
O Alcalde

